

TRABALLO PARA A SEMANA DO 23 DE MARZO

Ademais das tarefas para cada sesión que se propoñen neste documento, as alumnas e alumnos deberán ir escribindo un diario sobre as súas vivencias nestes días. Non é preciso escribir estritamente tódolos días, mais si un mínimo de 3 días á semana. Como mínimo débense escribir unhas 100 palabras de cada vez. Se o facedes a ordenador, podédesme ir enviando isto ó meu correo (olalla.linhares@gmail.com) e eu irei facendo as correccións pertinentes (enviarlo é opcional, non obrigatorio). Podedes facelo na lingua que queirades.

LENGUA CASTELLANA

1. Haz un esquema con las ideas principales y secundarias del siguiente texto:

Probablemente, dentro de unas semanas, el contagio del virus se vaya limitando y todo vuelva a la normalidad. Eso es lo deseable, pero no debería ser así. Y no lo digo por el contagio, sino por la normalidad: porque nuestra normalidad dista mucho de ser lo deseable. Lo estamos descubriendo con el virus. [...]

El coronavirus nos ha situado ante un miedo nuevo: el de exponernos a cruzar súbitamente la frontera que nos convierte en víctimas. Así es. Por increíble –y vergonzoso– que parezca, nunca sentimos de verdad ese miedo cuando hablamos de guerras, de migrantes, de naufragos, de enfermos de malaria o de hambrientos; no sentimos tampoco ese miedo cuando hablamos incluso de recortes, desahucios, suicidios, pérdida de conquistas y derechos dentro de nuestras propias patrias. Todo parecen cosas que suceden a otros, cosas que ocurren al otro lado de una tenue frontera.

El coronavirus ha desatado el miedo mostrándonos ahora la fragilidad de esa frontera; y ha dejado a las claras dos lacras arraigadas a fondo en nuestra sociedad, que deberían escribirse con mayúscula: la Hipocresía y la Ceguera. Nos importan los muertos cuando somos nosotros: sólo entonces los vemos de verdad. [...]

El coronavirus nos está demostrando que el mundo se debe detener a afrontar los peligros. Que se puede parar. Que se pueden emprender grandes y urgentes proyectos colectivos. Y que, si no lo hicimos, fue porque no quisimos. Porque, una y otra vez, nos hicieron creer que era imposible. Y porque preferimos creérnoslo. Porque ni nuestra sociedad, ni nuestros gobiernos, ni nuestro sistema han sentido nunca el verdadero miedo que los moviera a situarse a la altura de los grandes retos, a la altura de la empatía y de la solidaridad. Ojalá, en adelante, conscientes ya de la fragilidad de esa frontera que nos separa de la condición de víctimas, aprendamos del miedo y decretemos, civilizadamente, el Estado de Alerta en nuestras vidas.

Pedro Olalla. Atenas, 15/3/2020

2. Busca en el texto anterior un ejemplo de cada una de estas formas verbales:

infinitivo

pretérito perfecto simple

condicional simple de indicativo

pretérito perfecto compuesto de indicativo

presente de subjuntivo

gerundio

presente de indicativo

LINGUA GALEGA

1 .Na táboa da seguinte páxina debes poñer diante de cada palabra en galego o artigo feminino ou masculino que lle corresponda. A continuación, debes escribir na columna do lado estas palabras en castelán tamén acompañadas do artigo que lle corresponda. Podes axudarte do dicionario e dos seguintes apuntamentos sobre o xénero das palabras en galego:

Son femininos:

- Rematados en -axe (agás *traxe*, *paxe* e *garaxe*) **personaxe* pode ser masculino ou feminino.
- Rematados en -ite que se refiren a enfermidades > *a apendicite*.
- Rematados en -se (agás *interese*, *envase*, *valse*, *pase*).
- Rematados en -uxe > *a ferruxe*.
- A maioría dos que comezan por a- tónico > *a arte*, *a alma*, *a asma*, *a auga*.

Son masculinos:

- Rematados en -ume (agás *servidume* e *mansedume*).
- Os nomes das letras > *o eme*, *o ele*, *o ese*...

2. Visualiza estes dous vídeos sobre as Irmandades da Fala e a literatura galega na década de 1920:

[-Irmandades da Fala.](#)

[-Literatura dos anos 20.](#)

A contnuación, recompila a información que aparece nestes vídeos. Deste xeito, deberás elaborar un esquema ou resumo sobre a literatura no tempo das Irmandades da Fala e a Xeración Nós. Podes axudarte tamén dos apuntamentos que aparecen nas páxinas 4, 5 e 6 deste documento.

GALEGO	CASTELLANO
orde	
orixe	
marxe	
sangue	
viaxe	
paisaxe	
cume	
legume	
costume	
eme (letra)	
dor	
cor	
calor	
til	
leite	
sal	
mel	
nariz	
suor	
sorriso	
análise	
ponte	
arte	
alma	
auga	
asma	
canle	
cárcere	
sinal	
contrasinal	
labor	
xiz	

7

Literatura

A literatura no tempo das Irmandades

7.1 A Galicia do primeiro terzo do século XX


A Galicia de comezos do século XX seguía sendo un país esencialmente rural e cun forte atraso económico. As capas superiores da sociedade correspondían á Igrexa e á fidalguía, que eran os propietarios da terra. O campesiñado, empobrecido, continuaba tendo que emigrar a América coma no século anterior.

Pero no primeiro terzo do século producíronse importantes cambios políticos, sociais e culturais, entre os que destacan os seguintes:

- A **II República**. O 14 de abril de 1931 ten lugar a instauración da Segunda República e comeza unha etapa de intensa actividade política e cultural. Esta etapa corresponderá co desenvolvemento do nacionalismo e cun extraordinario crecemento da literatura.
- O **movemento agrario** ou **agrarismo**. Trátase dun movemento reivindicativo do campesiñado, que se organiza e crea sociedades e sindicatos para loitar pola abolición do sistema foral e pola modernización do sector agrario. Neste labor destacaron especialmente a sociedade Solidaridad Gallega (1907) e Acción Gallega (1910) liderada por Basilio Álvarez, abade de Beiro (Ourense). Despois de anos de mobilizacións e loita, en 1926 os foros son abolidos.
- A **decadencia da fidalguía** e o **nacemento da burguesía**. A **fidalgúa** perde o seu papel preponderante na sociedade debido á abolición do sistema foral, que era a súa principal fonte de ingresos, así como á súa incapacidade para adaptarse aos cambios que supuxo a Revolución Industrial. Vai ser substituída por unha **burguesía** chegada de fóra, dedicada fundamentalmente ao comercio, á banca, á industria conserveira e á construción naval.

Ter
O f
con
lon
un
e l
ter
a c
ren
ca
nu
ob

Cabec
A Nos
de ex
Irman



- O **trasvase de poboación** rural a espazos urbanos, cambiando a agricultura e a pesca pola industria, o comercio e o sector servizos, o que supuxo o desenvolvemento das cidades, como Vigo ou A Coruña.
- A creación das **Irmandades da Fala** en 1916, por iniciativa de Antón Vilar Ponte. O seu voceiro é o xornal *A Nosa Terra*. O obxectivo principal era a dignificación e promoción do idioma galego, así como a expansión do seu uso. Axiña xorden novas irmandades nas vilas e cidades de Galicia (Santiago, Monforte, Lugo, Ourense, Muxía...), e tamén en Madrid, Bos Aires, A Habana... E a este movemento súmanse os principais escritores e intelectuais do momento: Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Vicente Risco, etc.

En 1918 as Irmandades convértense nunha organización política que formulará as teses do **nacionalismo** galego. Galicia é definida como unha nación, é dicir, un país con raza, lingua, territorio, historia, institucións e cultura propias.

En 1931, na VII e última asemblea das Irmandades, fúndase o **Partido Galeguista**. Redacta o **Estatuto de Autonomía**, que foi aprobado en plebiscito polo pobo en 1936 pero non chegou a entrar en vigor por mor do comezo da Guerra Civil.

- O **Seminario de Estudos Galegos**, institución fundada en 1923 por estudantes e profesores da Universidade de Santiago, asemade integrantes das Irmandades da Fala. Os seus obxectivos foron estudar e divulgar o patrimonio cultural galego e utilizar a lingua galega no ámbito científico.
- A **Guerra Civil** (1936-1939) e a posterior ditadura supoñen un período de silencio e represión que dará lugar á paralización da vida política e cultural e ao retroceso de todos os avances conseguidos durante a II República.

2 A literatura nos comezos do século XX

Nas primeiras décadas do século XX a literatura galega experimenta un notable crecemento. Os autores recollen o herdo do Rexurdimento do século XIX e van incorporando novos xéneros e novas perspectivas que revitalizan o panorama literario.

Hai que destacar a creación de editoriais (Lar, Céltiga, Nós...), así como de revistas e xornais (*A Nosa Terra*, *Nós*, *Ronsel*, *Alfar*...), que propician a dinamización cultural de Galicia e posibilitan un incremento da actividade literaria na nosa lingua en todos os xéneros, especialmente no narrativo e no dramático.

Etapas

Na produción literaria de comezos do século XX temos que diferenciar dúas etapas:

- Etapa **anterior a 1916** (data de fundación das Irmandades da Fala). Caracterízase pola continuación das pautas marcadas polos escritores do Rexurdimento: Rosalía, Curros e Pondal, principalmente. O xénero máis cultivado segue sendo a poesía, que se ocupa de temas intimistas, costumistas, paisaxistas, sociais-patrióticos, etc. Destaca a figura de **Antonio Noriega Varela**.
- A comprendida **entre 1916 e o comezo da Guerra Civil** en 1936. Grazas ao labor das **Irmandades da Fala** créanse as infraestruturas necesarias para a renovación da literatura. Deste modo, o panorama literario vai ir mudando progresivamente coa incorporación de novos autores, e a actividade literaria experimenta un gran desenvolvemento.

Neste momento aumenta considerablemente o cultivo da narrativa, así como do teatro e do ensaio. Destaca neste período **Ramón Cabanillas**.

No seo das Irmandades xurdirá o **Grupo Nós**, que continuará o labor de difusión e reivindicación da lingua galega e dará, como veremos máis adiante, un notable pulo á actividade literaria.



Literatura

O Grupo Nós

7.1 O Grupo Nós

O Grupo Nós está formado por **Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas e Antón Losada Diéguez**. Todos eles nacen en torno a 1885 e pertencen cronoloxicamente á Xeración das Irmandades da Fala. Comparten ademais unhas características comúns que os diferencian doutros escritores da época: a súa procedencia social acomodada e a súa evolución cara ao galeguismo desde unha etapa inicial de cosmopolitismo e exotismo. A eles únese Castella para a realización de proxectos artísticos, políticos e culturais.

O nome do grupo procede da revista *Nós*, fundada en Ourense en 1920 e da que, ata a súa desaparición en 1936, se publicaron un total de 144 números. Foi a publicación máis importante da Galicia da preguerra e ocupouse das diversas facetas que compoñen a cultura galega: arqueoloxía, antropoloxía, etnografía, xeografía, historia, literatura, etc. Galicia comeza deste modo a ser obxecto de estudo e investigación.

A gran preparación intelectual que estes autores tiñan permitiulles realizar un importante traballo en prol da cultura galega. A eles débese a modernización e europeización da nosa cultura.

No plano político, participaron das teses do nacionalismo e lideraron o Partido Galeguista.

No plano literario, o seu principal logro foi a **consolidación e renovación da prosa**, tanto a narrativa como o ensaio.